

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	OURENSE
Edificio	Igrexa do Santo André do Castro de Beiro.
Dirección	Lugar do Castro, 8. 32980
	42.374437 -7.916183
Protección	
Descricion	<p>A aldea de Castro de Beiro, no perímetro rural de Ourense, recibe o seu nome dun antigo castro; un asentamento prerromano sobre un promontorio que permitiría aos seus habitantes ter unha posición vantaxosa fronte a ataques. Sobre este promontorio atópase a igrexa parroquial de Santo André de Beiro, desde a que se aprecian unhas magníficas vistas da contorna. O templo encádrase dentro do denominado tipo “clásico” do románico galego, a principios do século XIII.</p> <p>A porta da fachada principal consta dun arco de medio punto lixeiramente apuntado con decoración de xadrez. Nun chapitel represéntanse unha árbore e cinco aves, mentres que o seu oposto contén decoración vexetal. No tímpano, a pesar de non estar completo, aínda se distingue parte dunha cruz. Sobre a portada un tornachoivas adornado con bólas e sostido por varios canzorros de temas vexetais.</p> <p>Tanto a fachada sur como o norte dispóñense de forma parecida: cunha porta con arco apuntado e tímpano liso. A cornixa está sostida por canzorros adornados con formas xeométricas.</p> <p>A ábsida está centrada pola xanela de medio punto en cuxos chapiteis se representan temas vexetais. Cornixa sostida con canzorros xeométricos e nas métopas aparecen variacións de flores de catro pétalos.</p>
Campás	2 caampás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	ourense.gal
Data	01-06-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)		55	96

Espadana	Maior.	ANÓNIMO (GALICIA)	1863	65	159
----------	------------------------	-----------------------------------	------	----	-----

Información completa: [Igrexa do Santo André do Castro de Beiro. - OURENSE \(GALICIA\)](#)

PDF (03-07-2026)